

**ACTA DA REUNIÓN DO 5 DE FEBREIRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN
PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL.**

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D^a. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 13,30 horas do día **5 de febreiro de 2015**,
reúnen-se as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de
estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación
administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de gas natural.

Orde do día:

Punto único: Elaboración da proposta de clasificación das ofertas.

Procedese ao estudo do informe de 2 de febreiro, elaborado polo Servizo de Réxime
Interior do Parlamento, no que se manifesta o seguinte:

- Ofertas presentadas polas empresas:

- Endesa Energía, s.a.u

a.- Termo fixo **80,97 €/mes**

b.- Termo enerxía ou variable:

coeficiente A	0,009770
coeficiente B	0,000292
coeficiente C	0,018342
Data Brent	105,7400 \$/bbl
TC	0,7544 €/€

Prezo termo enerxía ou variable= (A + B x Brent) x TC + C
(con desconto do 7%) **4,5575 cts€/kWh**

- Sobre o valor do termo de enerxía Endesa Energía s.a.u. aplica un 7% de desconto adicional, sendo o seu resultado final o prezo do termo variable.
- Valores Data Brent e TC €/€ proporcionados correspondentes aos aplicables ao cuarto trimestre do ano.

c.- Alugueiro equipo de medida: **25,19**

- Gas Natural Comercializadora, s.a.

a.- Termo fixo **80,97 €/mes**

b.- Termo enerxía ou variable:

	Ofertado pola empresa
coeficiente A	0
coeficiente B	0
coeficiente C	4,2402
Data Brent	108,925
TC	1,3711
Prezo termo enerxía ou variable= (A + B x Brent) x TC + C	
4,2402 cts€/kWh	

- Valores Data Brent e TC €/€ proporcionados correspondentes aos aplicables ao terceiro trimestre do ano.

- Valor TC. Expresado en \$/€, polo que o seu valor en €/€ resulta: 0,7293

Obsérvase que de resultar adxudicataria a oferta de Gas Natural Comercializadora, s.a, deberá manter durante toda a vixencia de contrato, os coeficientes A e B cun valor 0, independentemente das fluctuacións que sufra o prezo do Data Brent, e o TC €/€, polo tanto o prezo do termo de enerxía ou variable permanecerá inalterable durante toda a execución do contrato.

c.- Alugueiro equipo de medida **30,00 €/mes**

- Aplicación das ofertas á fórmula de cálculo

Determinación do prezo do termo variable = (A + B x Brent) x TC + C

- Endesa Energía, s.a.u

Prezo termo variable = (0,009770+ 0,000292 x 105,7400) x 0,7544 + 0,018342= **0,049005**

Ao aplicar o desconto referido do 7% ao prezo do termo variable obtido, o prezo ofertado por Endesa Energía, s.a. será de **0,045575 €/kw** ou **4,5575 cts€/kw**.

- Gas Natural Comercializadora, s.a.

Prezo termo variable = (0 + 0 x 108,925) x 1,3711 + 4,2402= **4,2402 cts€/kw**

Atribución da puntuación ao prezo do termo enerxía ou variable: Á oferta máis baixa, expresada en €/kWh, resultado da aplicación dos coeficientes constantes ofertados a fórmula establecida na cláusula décima do prego, se lle adxudicarán os 90 puntos; ao resto á que proporcionalmente lle corresponda.

Prezo do termo variable: de 0 a 90 puntos		
	Prezo ofertado cts€/kw	Puntuación
Gas Natural Comercializadora, s.a.	4,2402	90,00
Endesa Energía, s.a.u	4,5575	64,83

- Puntuación total obtida polas empresas concorrentes

Procede agora calcular a puntuación total obtida polas empresas segundo os criterios de adxudicación, sumando a puntuación obtida no apartado de criterios de avaliación sometidos a xuízo de valor cos establecidos por aplicación de fórmulas. A puntuación total obtida polas empresas concorrentes é a seguinte:

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Gas Natural Comercializadora, s.a.	2	90,00	92,00
Endesa Energía, s.a.u	1	64,83	65,83

- Proposta de clasificación de ofertas

Á vista das puntuacións obtidas propónse clasificar as ofertas na seguinte puntuación:

- 1º. Gas Natural Comercializadora, s.a.
- 2º. Endesa Energía, s.a.u

Polo tanto, á vista do informe do Servizo de Réxime Interior, que a Mesa asume na súa integridade e das puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento a clasificación de ofertas e conseguinte requirimento de documentación na seguinte orde:

- 1º. Gas Natural Comercializadora, s.a.
- 2º. Endesa Energía, s.a.u

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13,45 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



María Aneiros González
Vogal



María del Carmen Fernández da Silva
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario